



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución conxunta do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG 30/09/22), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1.- Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), corresponde elixir no presente proceso electoral a **CATRO PROFESORES/AS**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende o **28 de outubro ás 9:00 ata as 14:00 horas do día 8 de novembro**.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do **día 28 de outubro ás 9:00 ata as 14:00 horas do día 8 de novembro**.

4.- A campaña electoral comprenderá dende o dende o **23 de outubro ao 15 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.

5.- Conforme ao establecido no Artigo 36 do Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG 29/04/88), a mesa electoral estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, e os profesores/as de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

6.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **TRES** da lista de candidatos/as.

7.- O voto será directo, secreto e non delegado.

8.- Para dar cumprimento o Artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de Claustro procederase a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a determinación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocarase Claustro de Profesores/as, a tales efectos.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Betanzos a 23 de outubro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO E
PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Carolina Fuentes Prado